

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2022

	Poboación a 1 de xaneiro de 2022	Poboación a 1 de xaneiro de 2021 (*)	Saldo			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.691.557	2.696.876	-18.057	9.116	3.747	-5.194
España	47.432.805	47.398.695	-113.023	148.677	0	35.654

Fuente: INE / (*) Salvo o dato de poboación ao inicio do período, todos os datos son provisionais

Os datos facilitados polo INE sobre a evolución da poboación en 2021 indican que neste período a poboación de Galicia aleixouse aínda máis da barreira dos 2.700.000 habitantes. Logo de que durante o segundo semestre a poboación galega mantívase case constante, o descenso final estimado foi de aproximadamente -5.200 persoas, o que supón unha redución de poboación do -0,19%, redución case idéntica á rexistrada en 2020. Aínda que o saldo migratorio exterior mellorou o seu comportamento respecto do primeiro

trimestre, ata o punto de que 2021 rematou cun saldo migratorio exterior positivo superior ao de 2020, o saldo vexetativo de 2021 foi máis negativo que o de 2020, de xeito que Galicia remata o ano como a Comunidade con peor saldo vexetativo en termos absolutos, e a terceira en termos relativos por detrás de Asturias e Castela-León. No que atinxe ao saldo migratorio interior, Galicia volveu a rexistrar números positivos, se ben o balance final de 3.747 persoas que pasaron a residir en Galicia procedente do resto de España supoñen un número inferior ao rexistrado en 2020


En España, o dato provisional de poboación a 01.01.2022 indica un aumento da poboación estimado de máis de 34.000 persoas, o 0,07%, incremento que hai que adxudicar ao saldo migratorio exterior, que recuperouse no segundo semestre logo dun dato negativo no primeiro. Porén, o saldo vexetativo volveu a ser negativo un ano máis, aínda que reduciuse en 40.000 persoas respecto ao que acontecera en 2020, ano no que o saldo vexetativo superou as -153.000 persoas fronte a un saldo vexetativo lixeiramente por riba de -113.000 en 2021.

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixisos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2016-2021

	% (T/T-4)	2016	2017	2018	2019	2020	2021	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21
Galicia		3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	5,2	3,5	3,3	4,2	2,5	1,6	2	2,1	2,1	2,8	3,5	2,5	3,3	2,4	1,1	0,6	0,3	-4,3	-17,9	-6,4	-7,0	-2,4	16,0	3,5	5,1
España		3,0	3,0	2,3	2,1	-10,8	5,1	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,3	2,9	3,1	2,7	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	2,0	1,7	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,1	17,8	3,5	5,5

Fuente: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



No primeiro trimestre de 2022 o PIB galego medrou nun 0,7% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a manterse no 5,1%. Pola súa banda, e logo de que o crecemento intertrimestral do PIB español acadase o 0,2%, a variación do PIB interanual rexistrada en España foi do 6,1%. Estes valores foron inferiores en unha e tres décimas, respectivamente, ás previsións contidas no avance do dato difundido o pasado mes de abril.

O Gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no Gráfico 2. Este gráfico recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos e aporta unha mellor perspectiva da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume das economías galega e española amosen os valores rexistrados con anterioridade á chegada da pandemia. Así, e tomando como referencia o dato do índice de volume encadeado en Galicia para o conxunto de 2019 (que, logo do último cambio metodolóxico levado a cabo no segundo trimestre de 2021 fica en 109,78), ao peche do primeiro trimestre de 2022 o volume da actividade económica galega ficaba por baixo do nivel medio de 2019 nun -1,65%. No caso de España, o valor do índice para o conxunto de 2019 foi de 110,79, o que fai que ao peche do derradeiro trimestre de 2021 o volume de actividade económica en España sexa un -3,02% inferior ao de entón.

O avance do PIB estatal para o segundo trimestre de 2022 prevé unha suba do 1,1% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual pasaría a reflectir un crecemento do 6,3%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.244,7	12,3	1,0	15,6	1,3
España	23.387,4	128,0	0,6	171,9	0,7

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)


15.600 persoas respecto do segundo trimestre de 2021. En España o incremento foi de novo inferior (o 0,7%).

O número de persoas ocupadas en Galicia medrou neste trimestre logo dun incremento de 13.900 persoas (o 1,3%) respecto do anterior e aumentou en 28.500 respecto do segundo trimestre de 2021 (o 2,7%) incrementos que fican por baixo dos incrementos medios en España, que foron respectivamente do 1,9% e do 4,1%. Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no segundo trimestre de 2021 ata o 47,2%, taxa superior en seis décimas á do trimestre anterior e inferior en -4,2 puntos porcentuais á taxa do 51,4% rexistrada en España no mesmo período. Esa diferenza de 4,2 puntos é superior en tres décimas á rexistrada no primeiro trimestre. Para rematar coa análise da EPA do segundo trimestre de 2022, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 139.400 tras unha redución do paro de -1.600 persoas, mentres que as persoas en paro en España diminuíron no trimestre en -255.300, o que supón que o paro baixou dos 3 millóns de persoas en España por primeira vez desde o ano 2008 (2.919.400). Respecto de fai catro trimestres, o paro reduciuse en Galicia en termos interanuais en -12.900 persoas (unha redución do no -8,5%) mentres que en España a redución do paro no mesmo período foi de -624.400 persoas (o -17,6%). Deste xeito, a taxa de paro en Galicia fica no 11,2% e en España faíno no 12,5%.

A Encuesta de Población Activa (EPA) do segundo trimestre de 2022 indica un aumento da **poboación activa** galega de 12.300 persoas (o 1,0%) respecto do anterior, aumento de maior intensidade ao rexistrado en España no período (-0,1%). En termos interanuais, a poboación activa galega incrementouse nun 1,3%, cun crecemento de

2T22	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	150.602	146.120	140.932	-2.734	-4.482	-5.188	-1,8%	-3,0%	-3,6%	-20.176	-19.186	-16.786	-11,8%	-11,6%	-10,6%
Homes	63.251	61.026	58.601	-985	-2.225	-2.425	-1,5%	-3,5%	-4,0%	-8.720	-8.113	-7.289	-12,1%	-11,7%	-11,1%
Mulleres	87.351	85.094	82.331	-1.749	-2.257	-2.763	-2,0%	-2,6%	-3,2%	-11.456	-11.073	-9.497	-11,6%	-11,6%	-10,3%
<30 anos	18.091	16.800	15.829	-531	-1.291	-971	-2,9%	-7,1%	-5,8%	-2.844	-2.626	-2.152	-13,6%	-13,5%	-12,0%
entre 30 e 44 anos	45.660	43.892	41.634	-1.317	-1.768	-2.258	-2,8%	-3,9%	-5,1%	-9.574	-9.174	-8.073	-17,3%	-17,3%	-16,2%
>44 anos	86.851	85.428	83.469	-886	-1.423	-1.959	-1,0%	-1,6%	-2,3%	-7.758	-7.386	-6.561	-8,2%	-8,0%	-7,3%
Agricultura e Pesca	5.481	5.406	5.069	-59	-75	-337	-1,1%	-1,4%	-6,2%	-435	-449	-522	-7,4%	-7,7%	-9,3%
Industria	16.501	15.952	15.138	42	-549	-814	0,3%	-3,3%	-5,1%	-3.019	-3.041	-3.138	-15,5%	-16,0%	-17,2%
Construción	10.754	10.477	10.150	-71	-277	-327	-0,7%	-2,6%	-3,1%	-1.820	-1.539	-1.397	-14,5%	-12,8%	-12,1%
Servizos	105.752	102.429	98.786	-2.605	-3.323	-3.643	-2,4%	-3,1%	-3,6%	-14.814	-14.041	-11.465	-12,3%	-12,1%	-10,4%
Sen emprego anterior	12.114	11.856	11.789	-41	-258	-67	-0,3%	-2,1%	-0,6%	-88	-116	-264	-0,7%	-1,0%	-2,2%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado , Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



como paradas reduciuse máis que o número de homes rexistrados como parados respecto do que acontecera no mesmo mes do ano 2021, se ben en termos porcentuais, o número de homes rexistrados como parados reduciuse máis que o de mulleres rexistradas como paradas.

Por grupos de idade, o paro rexistrado reduciuse mes a mes para cada mes e grupo, aínda que se pode apreciar que as reducións foron máis intensas entre as persoas de 44 anos ou menos que entre as de 45 ou máis anos -rango no que a redución do paro non superou o -2,5% mes a mes en ningún dos tres meses- e que a redución foi un pouco menos intensa en Abril que en Maio ou Xuño, o cal está en liña coa tendencia xeral do acontecido historicamente. No que se refire á redución interanual advírtese un comportamento ben definido por idades, con reducións notables para todos os grupos, e máis intensas entre as persoas maiores de 30 e menores de 45, para as que a redución o menos anos superou o -16% en cada mes. A menor redución deuse de novo entre as persoas de 45 ou máis anos, con reducións sempre menores ao -9%, e con porcentaxes menores a medida que avanzou o trimestre. En todos os casos son valores inferiores aos recollidos no *Boletín* anterior para o parámetro.

Respecto dos sectores de actividade, reduciuse o número de persoas paradas para todos os sectores e para cada mes, tanto mes a mes como ano a ano, coa única excepción do sector industrial no mes de Abril, no que o paro aumentou de xeito moi cativo respecto a Marzo. Para cada sector, en termos mensuais, o paro reduciuse nunha porcentaxe maior segundo avanzou o trimestre, destacando polo tanto o mes de Xuño, no que todos os sectores reduciron o paro por riba do -3% coa excepción do grupo de persoas sen emprego anterior. Neste mes déronse reducións por riba do -5% tanto na industria como no sector primario. Comparando co mesmo mes de 2021 as reducións foron de maior intensidade, de xeito que a construción e os servizos amosan reducións do paro rexistrado superiores ao -10% para cada mes, e esa porcentaxe supera o -16% para cada mes na industria. De novo o grupo de persoas sen emprego anterior é o que amosa menor redución do emprego, con reducións por baixo do -2,5% para cada mes do trimestre.

No que atinxe á contratación, as edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres meses do segundo trimestre de 2022 amosan un aumento na contratación respecto ao trimestre previo de preto do 4%. En termos interanuais, a contratación no segundo trimestre de 2022 foi inferior á rexistrada no segundo trimestre de 2021 no -1,8%. Os 214.195 novos contratos rexistrados representa o segundo menor número de novos contratos dos seis anos neste trimestre, tan só por diante dos novos contratos asinados no segundo trimestre de 2020.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
2T2022	214.195	8.078	3,9%	-3.924	-1,8%
Homes	109.579	4.234	4,0%	-5.749	-5,0%
Mulleres	104.616	3.844	3,8%	1.825	1,8%
<30 anos	69.325	6.823	10,9%	-92	-0,1%
entre 30 e 44 anos	82.986	-303	-0,4%	-5.886	-6,6%
>44 anos	61.884	1.558	2,6%	2.054	3,4%
Indefinido	83.378	36.402	77,5%	62.126	292,3%
Temporal	125.814	-31.251	-19,9%	-67.665	-35,0%
Prácticas / Formación	1.099	-220	-16,7%	-1.429	-56,5%
Otros	3.904	3.147	415,7%	3.044	354,0%
Agricultura e Pesca	6.461	206	3,3%	-383	-5,6%
Industria	31.927	-6.726	-17,4%	-7.775	-19,6%
Construción	9.448	-950	-9,1%	-1.429	-13,1%
Servizos	166.359	15.548	10,3%	5.663	3,5%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

deu redución da contratación respecto dos períodos de referencia. O oposto sucedeu coas persoas traballadoras maiores de 44 anos, para os cales o número de novos contratos aumentou tanto comparando cos tres meses anteriores como co mesmo período do ano anterior, se ben nos dous casos o aumento foi inferior ao 4%

Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados hai que destacar por segundo trimestre consecutivo o fortísimo incremento dos novos contratos indefinidos, cun aumento superior ao 77% respecto do anterior trimestre (no trimestre anterior, o incremento trimestral xa fora do 76%) Neste incremento pode advertirse o impacto da aplicación das novas modalidades de contratación recollidas no *Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral* e contrasta co descenso nos contratos asinados nos temporais e os de prácticas/formación, mentres que os contratos clasificados coma Outros aumentaron en porcentaxe aínda máis que os contratos indefinidos, tanto en termos intertrimestrais como interanuais. En comparación co segundo trimestre do ano anterior apréciase aínda mellor o contraste coa situación anterior ao Real Decreto-Lei, pois o número de novos contratos indefinidos asinados case que se cuadriplica respecto a aquel trimestre (+292,3%) mentres os temporais diminuíron en máis dun terzo (-35%) e os de formación diminuíron aínda máis. Podemos resumir o impacto do Real Decreto-Lei no contrato indefinido sinalando que, se durante os cinco anos anteriores a media de contratos indefinidos asinados no segundo trimestre fronte ao total de contratos novos foi do 8,6% e no pasado trimestre o seu número acadou o 22,8% do total, neste trimestre os novos contratos indefinidos foron o 38,9% do total de novos contratos asinados.

Os *Boletíns mensuais do paro rexistrado* publicados ao remate do segundo trimestre amosan unha redución do paro rexistrado do -8,1% (12.404 persoas) respecto do final do primeiro trimestre. Respecto do peche do segundo trimestre de 2021, a redución do paro rexistrado foi do -10,6% (-16.786 persoas). Así, o Gráfico 3 -no cal os segundos trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor verde- amosa que o mes de Xuño supuxo o décimo quinto mes consecutivo con descensos interanuais do paro rexistrado. Estes descensos superaron o -10% para cada mes do trimestre, aínda que sen alcanzar os máximos de Decembro pasado, mes desde o cal cada descenso é, en termos porcentuais, menor que o mes anterior.

Neste trimestre reduciuse a diferenca entre o número de homes e mulleres rexistrados como parados, diferenca que estaba en 24.900 paradas máis antes de comezar o trimestre, e fica en 23.700 paradas máis ao rematar. Porén, a porcentaxe de mulleres rexistradas como paradas sobre o total seguiu a medrar e pasou do 58,1% ao 58,4%. Respecto ao segundo trimestre de 2021 a variabilidade entre os sexos da redución do paro rexistrado segue a diminuír. Así, en cada un dos tres meses do trimestre, o número de mulleres rexistradas


Por sexos, o número de contratos asinados a homes no segundo trimestre superou ao das mulleres en case 5.000 novos contratos, e a diferenza por sexos entre asinantes de novos contratos incrementouse respecto do pasado trimestre, aínda que fora de xeito cativo. Porén, se comparamos co acontecido no segundo trimestre de 2021 os novos contratos a mulleres incrementáronse o 1,8% mentres que os novos contratos a homes se reduciron no -5%.

Por rangos de idade, a contratación aumentou máis entre as persoas traballadoras de 30 anos ou menos respecto do trimestre anterior (único intervalo para o que rexistrouse un incremento superior ao 10%), tanto en termos absolutos como porcentuais. Se comparamos co mesmo trimestre do ano pasado neste grupo de idade apenas variou o número de novos contratos asinados. Os tramo de idade entre 30 e 44 anos foi o rango no que se reduciu máis a nova contratación, tanto con respecto aos tres meses anteriores como referíndonos ao segundo trimestre de 2022, e foi o único rango no que se

O análise da contratación por sectores de actividade recolle diminución de novos contratos en Abril e aumento en Xuño para todos os sectores, mentres en Maio aumentaron os contratos en industria e servizos e reducíronse na construción e o agrícola-pesqueiro. Respecto do trimestre anterior, e tal e como é habitual de Abril a Xuño, o sector servizos foi o que amosou máis incremento de novos contratos, seguido do sector primario, mentres que os novos contratos diminuíron na construción e, de xeito sobranceiro, na industria, por riba do -17%. O sector servizos foi o único sector no que tamén se rexistrou incremento con respecto do sucedido no segundo trimestre de 2021 (aumento do 3,5%) mentres que no resto de sectores a diminución de novos contratos foi maior que a diminución media rexistrada, destacando de novo de xeito negativo o número de novos contratos no sector industrial, onde caeu preto do -20%.

	Afiliación media mensual 2º trimestre 2022 Galicia-España			Variacións								
				mes anterior			interanual					
				absoluta		relativa	absoluta			relativa		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	1.033.997	1.040.748	1.048.523	5.540	6.751	7.775	0,54%	0,65%	0,75%	32.004	30.220	26.803
España	20.019.080	20.232.723	20.348.330	184.577	213.643	115.607	0,93%	1,07%	0,57%	963.782	965.502	848.053
										3,19%	2,99%	2,62%
										5,06%	5,01%	4,35%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)



Durante o segundo trimestre de 2022 a **afiliación media** en Galicia se mantivo en valores situados entre 1.023.000 e 1.048.000 persoas afiliadas, logo de que se rexistrasen incrementos porcentuais superiores ao medio punto en abril e ás sete décimas en xuño, incrementos inferiores aos rexistrados en España no período pero que, a diferenza do acontecido en España, foron aumentando mes a mes. A afiliación media en España, pola súa banda, superou en abril os vinte millóns de afiliados, e seguiu a medrar nos meses de maio e xuño, mes no que ficou preto dos 20.350.000 persoas afiliadas.

O Gráfico 4 recolle o comportamento da afiliación media mes a mes en termos interanuais. Nel pódese apreciar como a afiliación media segue a incrementarse en Galicia en termos interanuais e xa acadou 15 meses consecutivos de crecemento superior ao 2%. España leva os mesmos 15 meses de crecemento da afiliación media interanual, e dito crecemento superou o 3,4% para cada mes do período. Neste último trimestre, o diferencial co crecemento galego oscilou entre o 1,7 puntos porcentuais de xuño e os 2 puntos de maio, dato que supuxo a maior diferenza de crecemento entre a afiliación media galega e española nestes 15 meses.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (Xaneiro-Maio 2021-2022)

	2021	2022	% Var
Leves	8.799	10.510	19,4
Graves	151	168	11,3
Mortais	9	34	277,8
Total	8.959	10.712	19,6

Fonte: Estadística de accidentes de trabajo Ministerio de Trabajo e Economía Social

Se ben, como xa indicamos, as estatísticas dispoñibles non nos permiten distribuír por gravidade e sector de actividade, non se pode pasar por alto o impacto no número de accidentes mortais do afundimento do pesqueiro Virxe de Pitaxo, accidente no que perderon a súa vida 21 pescadores, o que supón o 61,8% do total de persoas traballadoras falecidas no período analizado, e resulta polo tanto razoable asignar parte do incremento na sinistralidade mortal ao sector pesqueiro á espera de contar con datos máis exhaustivos.

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Maio 2021-2022)

	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2021	2022	% Var	2021	2022	% Var
Agríc.-pesca	784	834	6,4	307	332	8,1
Industria	2.419	2.740	13,3	339	379	12,0
Construción	1.425	1.730	21,4	374	440	17,6
Servizos	4.331	5.408	24,9	122	147	20,4
Total	8.959	10.712	19,6	183	212	16,1

Fonte: Estadística de accidentes de trabajo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Se atendemos á distribución da sinistralidade por sector de actividade vemos que aquela aumentou en todos os sectores, con incrementos por riba da media nos servizos (case que o 25%) e na construción, mentres que o sector agrícola-pesqueiro foi o sector no que menos se incrementou a sinistralidade, ficando no 6,4% de aumento.

Os índices de incidencia, pola súa banda, amosan unha tendencia similar no seu comportamento, se ben neste caso o dato do incremento porcentual foi inferior ao dato do incremento porcentual de accidentes en 3,5 puntos. Atendendo aos índices de incidencia, a orde de maior a menor incidencia por sectores foi a mesma que en termos absolutos, se ben cómpre sinalar que tanto nos servizos, na construción e na industria as porcentaxes de incremento da sinistralidade en función da incidencia foron máis cativas que en termos absolutos, mentres que no sector agrícola-pesqueiro a sinistralidade en función da incidencia foi maior do que os termos absolutos indican.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Abril 2022)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	19	1	1.821	-1.125	1.566	-7.374
España	247	23	54.363	16.147	170.104	47.014

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionales - non inclúen folgas xerais)

traballadas se reduciron en máis do -82%. Estes datos tamén diverxen dos rexistrados en España, non no que atinxe ao incremento de número de folgas (10% máis en España que no mesmo período de 2021) senón en que eses conflitos contaron con máis persoas traballadoras participantes neles (o 42% máis) e supuxeron un maior número de horas non traballadas (un incremento superior ao 38%), variables que, como xa comentamos, reducíronse en Galicia.

Se comparamos os datos da conflitividade por folga nos catro primeiros meses de 2022 fronte ao mesmo período de 2019 atopamos reducións moi acusadas para todas as variables analizadas, tanto en Galicia como en España.

Expedientes de Regulación de Empleo

Os datos facilitados na *Estadística* para os cinco primeiros meses do ano amosan que prossegue a drástica diminución no número de persoas traballadoras en ERE nos distintos tipos de expediente, tanto en Galicia como en España (o -85% e o -67% respectivamente), diminución que xa se viña a observar ao longo da meirande parte do ano pasado. Os expedientes por redución de xornada en Galicia están a ser a excepción, cun incremento do 30% respecto ao ano pasado, se

Persoas traballadora s afectadas por expedientes de regulación de emprego segundo a medida. Galicia-España. Xaneiro-Maio 2021-2022												
	Despedimentos colectivos			Suspensión de contratos			Redución de xornada			TOTAL		
	2021	2022	%Var.	2021	2022	%Var.	2021	2022	%Var.	2021	2022	%Var.
Galicia	209	68	-67,5%	1.947	196	-89,9%	48	60	30,4%	2.202	324	-85,3%
España	4.683	2.064	-55,9%	33.782	9.196	-72,8%	3.849	2.597	-32,5%	42.314	13.857	-67,3%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

(Os datos das Illas Canarias son de carácter provisional)

rexistradas en España para ditos tipos de expediente.

Custos laborais e salariais

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* elaborada polo INE para o primeiro trimestre de 2022 sitúa o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia en 2.427,50 €/mes, valor que supera nun 4,4% ao rexistrado fai catro trimestres. En comparación, o custo laboral medrou en España nun 4,7%, tras acadar os 2.729,00 €/mes. Con estes datos, o custo laboral en Galicia foi inferior nun -11,0% ao da media española, e o diferencial entre Galicia e España se incrementa en 3,7 puntos porcentuais do trimestre pasado, é dicir, a brecha entre os custos laborais entre Galicia e España ampliouse nun 50% respecto da rexistrada no trimestre pasado.

O custo salarial en Galicia tamén incrementouse nun 4,4% respecto ao cuarto trimestre de 2021, logo de acadar os 1.765,30 €/mes. Pola súa banda, en España o custo salarial por persoa traballadora e mes medrou nun 5,2% interanual no trimestre, e ficou nos 2.006,60 €/mes, polo que a diferenza entre o custo salarial por persoa traballadora en

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,4	0,0
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Galicia respecto a España aumentou en 3,6 puntos porcentuais neste trimestre e fica no -12,0%.

Porén, os custos laborais e salariais por hora efectiva rexistrados no primeiro trimestre de feito reducíronse respecto aos do primeiro trimestre de 2021, nos dous casos na mesma porcentaxe do -0,5%, mentres que no caso de España, os custos laborais se mantiveron constantes respecto ao acontecido fai catro trimestres e os custos salariais se incrementaron no 0,4% respecto do citado período de referencia. A discrepancia entre a variación dos custos salariais e laborais, en claro ascenso, e os custos por hora efectiva, que en Galicia descenden lixeiramente e mantivéronse constantes ou en ascenso lixeiro en España, vese xustificada polo incremento de horas traballadas no primeiro trimestre de 2022 fronte ás de 2021, incremento que acadou o 4,7% de horas efectivas tanto en Galicia como en España.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2022

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.084	52.679,6	-15	-22,0%	-86	24,1%
Sociedades que ampliaron capital	260	73.275,0	-93	0,3%	-21	-25,3%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

segundo trimestre de 2021 o capital invertido en novas sociedades aumentou en máis dun 24% pese a que o número de novas sociedades mercantís foi inferior ao do segundo trimestre de 2021 en máis dun -8%.

O número de sociedades que ampliaron capital tamén diminuíu, tanto respecto das sociedades que o fixeron no trimestre anterior (máis do -26%) como das que o fixeron no segundo trimestre do ano 2021 (máis do -7%). Se atendemos ao capital invertido, apenas variou ao invertido no primeiro trimestre de ano en ampliacións de capital, mentres que se reduciu en máis dun -25% respecto do invertido en ampliacións de capital no segundo trimestre de 2021.

O número de empresas disolvidas neste trimestre reduciuse en máis dun -37% respecto do anterior e en máis do -8% fronte ao acontecido no segundo trimestre de 2021. As sociedades que reduciron capital tamén diminuíron en comparación cos trimestres de referencia, cunha redución do -39% fronte ao primeiro trimestre de 2022 e unha diminución do -41% fronte ao segundo trimestre de 2021.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 2º Trimestre 2022

	2T22	1T22	2T21
Sociedades disolvidas	296	473	323
Sociedades que reduciron capital	53	87	90
Sociedades en situación concursal	84	73	81

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores superou ao do primeiro trimestre do ano nun 15%, e amosou un incremento inferior fronte ao segundo trimestre do ano pasado, ao no chegar ese aumento ao 4%. Rexistráronse catro procesos de escisión de empresas, un fóron que no trimestre anterior e un menos que no segundo trimestre de 2021, e os procesos de fusión máis dez, trece menos que no trimestre pasado e dous menos que no mesmo trimestre en 2021.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o primeiro semestre de 2022, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 15 ditames sobre normativa laboral autonómica, nove menos dos emitidos no primeiro semestre do ano 2021.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva en procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo tiveron entrada no AGA 68 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitrase, 12 máis das que foron recibidas no primeiro semestre do ano pasado, o que supón o máximo de solicitudes presentadas nun semestre. Entre as 38 mediacións e arbitaxes aceptadas polas partes e rematadas durante os seis primeiros meses de 2022, a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 76,3%. Así mesmo, durante o segundo trimestre proseguíu a actividade de mesas negociadoras e Comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia.

Neste trimestre retomamos as actividades presenciais de fomento do debate social coa realización dunha xornada en Lugo dedicada a *O mecanismo RED de flexibilidade e estabilización no emprego*. Asemade, proseguíu a realización de webinaros en colaboración coas Facultades de Dereito e de Relacións Laborais galegas, así como os Colexios de Graduados Sociais de Galicia, e durante o pasado trimestre tiveron lugar as seguintes xornadas web: *As contratas e subcontratas a debate tras a Reforma Laboral e Os contratos temporais: por circunstancias da produción, por substitución de persoas traballadoras con dereito a reserva de posto e o contrato fixo discontinuo*.

Para rematar, o pasado mes de maio concluíu a I edición do Curso de especialización en Dereito marítimo-pesqueiro do traballo e da Seguridade Social, acción formativa realizada a través dun convenio de colaboración entre o Consello e a Universidade da Coruña.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

